



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FUNDACIÓN
SECRETARIADO GITANO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “PROMOCIONA”.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, DECLARA:

Que a Consellería de Política Social formalizou xunto coa Fundación Secretariado Gitano, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2018. Non obstante, abrangue igualmente as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular o marco da colaboración entre a Consellería de Política Social e a FSG no desenvolvemento do programa “Promociona” destinado ao apoio ás familias con menores en idades escolares para mellorar as condicións do ámbito da educación no propio fogar apoiando aos alumnos e alumnas xitanos/as e ás súas familias co fin de reducir o abandono escolar.

A través desta colaboración, a Consellería de Política Social pretende favorecer a normalización educativa do alumnado gitano e conseguir taxas máis elevadas de éxito académico durante a etapa de escolarización obrigatoria, con especial incidencia no último ciclo de Educación Primaria (5º e 6º curso) e en Educación Secundaria Obrigatoria (1º a 4º curso) e promover a continuidade en estudos medios e/ou superiores e formación profesional para o que se prestará orientación educativa e familiar e sesións de apoio escolar e reforzo aos alumnos.

O programa “Promociona” que ten como finalidade apoiar as familias xitanas con menores en idades escolares para mellorar as condicións do ámbito da educación no propio fogar e promover a finalización dos estudos obrigatorios e a promoción do alumnado gitano a estudos postobrigatorios co obxectivo de reducir o abandono escolar que presenta gran parte da comunidade gitana.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

A Consellería de Política Social ten atribuídas competencias de intervención na materia obxecto da colaboración ao abeiro do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica e a Fundación Secretariado Gitano é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social co núm. E-1729 e ten entre as súas funcións a da promoción integral da poboación gitana desde o recoñecemento da súa identidade cultural e con esta finalidade desenvolve accións coas familias que presentan dificultades no acceso e permanencia na formación educativa regrada, colectivo dentro do ámbito competencial desta Consellería de Política Social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Familia, Infancia
e Dinamización Demográfica

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 655



En atención ao exposto, co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,
Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

